

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro                    | Concello | Ano académico |
|----------|---------------------------|----------|---------------|
| 15014738 | CPI Plurilingüe dos Dices | Rois     | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Proxecto competencial       | 1º ESO | 1                | 35             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 12            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 12            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 13            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 13            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 14            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 14            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 14            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 15            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 15            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 16            |
| 9. Outros apartados   | 16            |

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CPI situado en Rois, provincia da A Coruña, situación que aproxima ao alumnado a unha realidade rural, moi en contacto coa natureza e a cultura tradicional; aspectos aos que procuraremos sacar todo o proveito posible.

O grupo seleccionado de 1º ESO, está composto por 8 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 13 anos. Non constan repetidores e únicamente contamos cun alumna de altas capacidades, á que podemos valorar o enriquecemento curricular.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD  | CPSAA | CC | CE    | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.   | 1   |    |      | 1   | 1-5   | 3  | 1-2-3 |      |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.   | 1-3 |    | 5    | 3   | 1-3   | 2  | 3     |      |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3  | 3    | 2-3 | 1-3   |    |       | 3-4  |

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                                | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Que faremos nesta materia?            | Como materia nova será necesaria unha correcta presentación aos obxectivos da mesma e a unha metodoloxía de traballo diferente. A partir de aquí, na mesma unidade, traballaremos a presentación persoal e a indagación descubrindo os nosos intereses e facendo chegar aos demais mediante presentacións orais. Definiremos os temas que son do noso interese para o desenvolvemento posterior de proxectos.  | 3              | 4          | X        |          |          |
| 2  | Proxecto Larpeiro                     | Tras decidir que o interese común do grupo son os doces, armamos un proxecto sobre o mundo da larpeirada. A partir de aquí o alumnado documentarase sobre receitas, tradicións e costumes da comarca. Implicaranse na realidade do centro mediante o evento do magosto onde sentirán que forman parte da organización e levarán á práctica aprendizaxes transversais: a creatividade no desenvolvemento de decoracións, a linguística na redación de textos ou a competencia dixital na procura de información na web, entre outras.   | 30             | 10         | X        |          |          |
| 3  | As segundas partes sempre foron boas? | Na segunda avaliación o grupo voltará a debater cara onde enfocar os seus aprendizaxes e esforzos, caberá a opción de continuar co Proxecto Larpeiro ou deseñar outro de novo en relación a outros intereses detectados de inicio: como a música ou o deporte. Pero sempre procurando conectar con outras competencias e aprendizaxes doutras materias, con especial atención a aquelas aínda non desenvoltas ata o momento. Ao peche, o segundo proxecto tamén deberá implicarse nun evento do centro ou presentación específica, e conlevará unha parte de comunicación final. | 30             | 8          |          | X        |          |
| 4  | Proxecto experto                      | Na terceira avaliación deberemos amosar a soltura adquirida no desenvolvemento dos anteriores proxectos, realizando nun tempo menor un proxecto concreto. Novamente o proxecto poderá ser novo - de estar agotados da idea da respostería- ou afondar un pouco máis; a estas alturas do curso deberán amosar unha boa cohesión e organización do traballo en grupo, habilidade para incorporar competencias e aprendizaxes transversais. Conlevará un pequeno traballo de comunicación.  | 30             | 8          |          |          | X        |

| UD | Título                                  | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5  | Doce despedida. Compartimos o confeito. | Realozaresa unha reflexión conxunta, rememoraremos todos os traballos desenvoltos e realizaremos unha tarefa comunicativa final para que o resto da comunidade educativa sexa partícipe dos nosos logros e acaben por comprender o interese da materia. | 7              | 5          |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD               | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 1  | Que faremos nesta materia? | 4        |

| Crterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.  | Identificamos os nosos intereses e defendemos a súa importancia:<br>Valorase a participación, a argumentación clara e comprensión do obxectivos.<br>Método e instrumento de avaliación: actitude ante a exposición da profesora, preparación de presentacións persoais e participación na chuvia de ideas. | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.                                       | Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.  |    |     |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.   | dentificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.   |    |     |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.                                  | ser conscientes da condición temporal  |    |     |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | aprender a ser resolutivo  |    |     |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.  | cumprir coas tarefas asignadas en cada sesión  |    |     |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.                                  | introducir aprendizaxes doutras disciplinas ou competencias transversais   |    |     |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.                                       | empregar correctamente os recursos comúns e materiais previstos para a execución das actuacións.   |    |     |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.              | saber desenvolverse na resolución dos conflitos  |    |     |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.  | valorar e reflexionar sobre o aprendido  |           |          |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.   | entregar e presentar en prazo as tarefas encomendadas  |           |          |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.                        | competencia linguística  |           |          |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | afondar nas técnicas da oratoria, sendo capaces de afrontar unha situación formal de exposición oral |           |          |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.                    | Aprender a expresarnos para mellorar as nosas relacións  |           |          |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.  | Consultar fontes correctas e manexar a un nivel básico os recursos dixitais                          |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2         | Proxecto Larpeiro   | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.                    | Defender e argumentar os motivos do tema escollido. Traballar en cada sesión con responsabilidade.   | TI        | 100      |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para cada actividade a desenvolver: por exemplo, reflexionan conxuntamente en como realizar un cartel e solicitan o material das características e tamaño axeitado. |           |          |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.                           | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.  |           |          |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.                                       | Temporalizar as distintas fases do proxecto.  |           |          |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.      | Solventar incidencias que poidan xurdir.  |           |          |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.   | Ser conscientes do factor tempo   |           |          |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.                                       | introducir aprendizaxes transversais  |           |          |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.  | Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.     |           |          |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.                   | Aprender a traballar en equipo  |           |          |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.  | reflexionar de forma conxunta sobre os avances e resultados                                     |           |          |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.   | Entregar todas as tarefas que se encomendan e reflexionar sobre o nivel de obxectivos acadados. |           |          |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.                        | amosar unha competencia linguística correcta e formal básica                                    |           |          |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | mellorar as capacidades oratorias   |           |          |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.                    | expresarnos de forma positiva mellorando as relacións persoais                                  |           |          |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.  | entendese a competencia dixital no seu emprego comunicativo ou documental                       |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                          | Duración |
|----|---------------------------------------|----------|
| 3  | As segundas partes sempre foron boas? | 8        |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.   | Defender e argumentar os motivos do tema escollido. Traballar en cada sesión con responsabilidade.   | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.  | Seleccionar recursos e materiais para cada actividade a desenvolver; por exemplo, reflexionan conxuntamente en como realizar un cartel e solicitan o material das características e tamaño axeitado. |    |     |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.  | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.  |    |     |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.                                       | Temporalizar as distintas fases do proxecto.   |    |     |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.      | Solventar incidencias que poidan xurdir.   |    |     |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.   | Executar as actuacións planificadas.   |    |     |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.                                       | Aplicar os coñecementos axeitados.   |    |     |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.  | Empregar recursos e materiais necesarios.  |    |     |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.                   | Resolver as incidencias xurdidas.  |    |     |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.  | Valorar os resultados logrados.  |    |     |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.   | Entregar todas as tarefas que se encomendan e reflexionar sobre o nivel de obxectivos acadados.  |    |     |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.                        | Ser capaces de expresarnos con claridade para expoñer o noso discurso  |    |     |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Aplicar coñecementos básicos de oratoria para enfatizar as súas exposicións  |    |     |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.                    | Aprender a traballar en equipo, empregando o diálogo e expresando as nosas emocións  |    |     |



| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Comprendo a competencia dixital como instrumento de comunicación e documentación |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4         | Proxecto experto    | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.  | Ser conscientes da responsabilidade do traballo en cada sesión   | TI        | 100      |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.                                       | Seleccionar recursos e materiais para cada actividade a desenvolver: por exemplo, reflexionan conxuntamente en como realizar un cartel e solicitan o material das características e tamaño axeitado. |           |          |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.   | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.  |           |          |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.                                  | Temporalizar as distintas fases do proxecto.   |           |          |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir.   |           |          |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.  | Levar un rexistro de execución das actividades   |           |          |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.                                  | Aplicar aprendizaxes doutras materias  |           |          |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.                                       | Empregar os materiais que o grupo escolla como necesarios  |           |          |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.                   | Amosar resolución ante pequenos imprevistos procurando solucións alternativas para acadar a solución final |    |   |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.  | A reflexión sobre as actividades e aprendizaxes adquiridas serán unha constante para valorar os avances.   |    |   |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.   | Entregar todas as tarefas que se encomendan e reflexionar sobre o nivel de obxectivos acadados.            |    |   |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.                        | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.  |    |   |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Aplicar aprendizaxes básicas de oratoria nas súas exposicións  |    |   |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.                    | Aprender a traballar en equipo   |    |   |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.  | Empregar recursos dixitais na presentación ou documentación do proxecto.                                   |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                            | Duración |
|----|---|----------|
| 5  | Doce despedida. Compartimos o confeito. | 5        |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.   | Recoñecer o traballo e os avances realizados polo grupo ao longo do curso                                     | TI        | 100      |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.  | Saber identificar os materiais e recursos precisos; aqueles dos que dispoñemos e aqueles que precisamos       |           |          |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.  | Saber documentarnos e saber identificar que precisamos coñecer  |           |          |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.                                       | Temporalizar as nosas actividades amosando un coñecemento dos ritmos do grupo tras meses de traballo conxunto |           |          |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.      | Amosar un grado suficiente de resolución  |           |          |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.   | Axeitarse ao número de sesións e tempos para acadar os obxectivos   |           |          |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.                                       | Aplicar coñecementos doutras materias xustificando a adquisicións de aprendizaxes transeversais               |           |          |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.  | Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.                   |           |          |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.                   | Amosar un capacidade de resolución e resiliencia fronte as presións temporais para acadar os obxectivos       |           |          |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.  | Ser capaces de reflexionar conxuntamente sobre os nosos avances   |           |          |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.   | Acadar unha tarefa conxunta en prazo e tempo  |           |          |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.                        | Aplicar un rexistro axeitado que amose o aprendido ao longo do curso  |           |          |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Amosar un grado axeitado de expresión verbal e corporal nas súas argumentacións                               |           |          |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.                    | Empregar o diálogo positivo para mellorar o traballo en equipo  |           |          |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.  | Coñecer recursos dixitais para acadar os nosos obxectivos   |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul> |

## Contidos

- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O obxectivo final da materia céntrase en aprender a desenvolver un proxecto ou proxectos en equipo, saber coordinarse, ser responsable e aplicar as competencias e aprendizaxes transversais para realizar tarefas que podan resultar de interese para o seu entorno

O proxecto /s (podendo valorarse a apertura dunha nova temática ante a observación de agotamento ou apatía cara o tema inicial) será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adoptará un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, realizarase un traballo sobre o mundo da repostería; dende aí observaremos as tradicións e as costumes. Desenvolveremos a nosa creatividade decorando o centro en eventos que teñan a tradición gastronómica como protagonista - exemplo o magosto. Tamén poderemos desempeñar sinxelos desafíos matemáticos en relación a recetas repostadeiras. En definitiva, sacaremos partido a todo o que pode dar de si o mundo do doce.

O alumnado repartirase a coordinación das áreas de traballo (ex. o mundo das letras, das tradicións, das ciencias aplicadas, da plástica e creatividade, etc.) Periodicamente entregarán unha reflexión sobre as aprendizaxes, levarán ao día un rexistro de actividades como grupo e como remate entregarán un pequeno dossier cunha parte que analice as actividades coordinadas polo alumno e outra parte que analice o traballo xeral.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, voltaremos a escoller a onde queremos dirixir os nosos esforzos, continuando coa temática reposteira ou xirando o tema, aínda que non a metodoloxía que seguirá a procurar a aprendizaxe do traballo en equipo, asumido roles dentro dun pequeno organigrama onde todos e todas deben contribuir para levar a termo os obxectivos. Insistirase nas competencias transversais non traballadas na primeira avaliación e continuaremos a insistir na comunicación ao entorno dos nosos pequenos logros.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, deberemos convencernos de todo o noso avance, traballaremos con moita fluidez desenvolvendo unha última tarefa conxunta. Porén o máis innovador deste período será a elaboración dun proxecto audiovisual ou cunha capacidade de impacto social semellante, onde se presenten as reflexións finais da materia.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores |
| Caderno  |

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital, ordenador e proxector. O alumnado conta con pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Asemade o centro está equipado con ordenadores do programa Edixgal o que permite que os alumnos e alumnas fagan as súas pescudas de ser necesario, preparen os seus traballos dixitais o podan entregar os mesmos a través da Plataforma, de ser requirido

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Esta proba será oral a modo de presentacións. As observacións a dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica     | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/<br>Tipo Ins. | 3    | 30   | 30   | 30   | 7    | 100   |
| Táboa de indicadores  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100   |

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Traballo diario: valorase a responsabilidade, a capacidade de traballar cos demais, o respecto entre iguais e a tarefa a desenvolver. Ademais tamén ponderará a destreza para incorporar saberes e a consecución dos traballos.

Presentación escrita/oral de traballos de documentación e comunicación. Poderase requirir a entrega dun dossier composto de fichas de traballo a modo de diario de aula.

- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo diario: valorase a responsabilidade, a capacidade de traballar cos demais, o respecto entre iguais e a tarefa a desenvolver. Ademais tamén ponderará a destreza para incorporar saberes e a consecución dos traballos.

Presentación escrita/oral de traballos de documentación e comunicación. Poderase requirir a entrega dun dossier composto de fichas de traballo a modo de diario de aula.

- TERCEIRA AVALIACIÓN: Traballo diario: valorase a responsabilidade, a capacidade de traballar cos demais, o respecto entre iguais e a tarefa a desenvolver. Ademais tamén ponderará a destreza para incorporar saberes e a consecución dos traballos.

Presentación escrita/oral de traballos de documentación e comunicación. Poderase requirir a entrega dun dossier composto de fichas de traballo a modo de diario de aula.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopebre adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, non entregue o dossier final e/ou en consecuencia do anterior non acade o aprobado, terá a opción de realizar unha proba escrita. Esta poderá ser unha proba de coñecementos tipo test ou outro tipo de probas que animen a reflexión sobre o aprendido e a importancia de traballar en grupo: unha

recensión dunha lectura, unha carta dirixida aos compañeiros/as, etc.

A excepcionalidade do método de avaliación e para animar que as seguintes avaliacións participe de modo máis correcto no traballo en equipo, a nota final desta técnica de recuperación, consistente na resposta de preguntas sinxelas e/ou a redacción dunha carta, soamente poderará acadar 5 puntos - o suficiente para aprobar- Porén, poderíase chegar a sumar máis puntuación doutros méritos.

En caso de realizar de xeito irrespetuoso ou inadecuado esta última técnica de recuperación levará a valoración de suspenso, para a súa recuperación deberemos agardar a media das seguintes avaliacións.

En último termo, en caso de suspenso na avaliación final realizarase unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados ao longo do curso

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo poderían ser deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto.

Ademais, poderemos desenvolver actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, desafíos que procuren solucións ás problemáticas xurdidas, ou de asumir a coordinación de traballos que lle obriguen a ampliar os coñecementos, excedendo os criterios de aprendizaxe mínimos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 |
|---|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura                   |      | X    | X    | X    |      |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita                 | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación Audiovisual                 | X    |      |      |      | X    |
| ET.4 - Competencia dixital                      | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial       |      | X    | X    | X    |      |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores         | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Igualdade de xénero                      | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Creatividade                             |      | X    | X    | X    | X    |

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Participación de eventos do centro de xeito destacado | Participaremos fóra do noso horario das tarefas propias da organización de eventos do centro onde desenvolveremos un papel destacado pretendendo xustificar a nosa presenza en relacións coas nosas aprendizaxes.     |          |          |          |
| Proxecto comunicativo final                           | Difusión informativa do proxecto. Pode restrinxirse a ser unha tarefa propia ou podería contempalarse en base os resultados- a participación nunha canle de comunicación (entrevista para prensa escrita, radio, etc) |          |          |          |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado   |
| Participación activa de todo o alumnado   |
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas  |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas                 |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación  |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación                                    |

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Farase un seguimento da programación ao remate de cada avaliación, ademáis aproveitarase a activación da aplicación Proens para plasmar por escrito os axustes ao seguimento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes, así como as datas de inicio de final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

## **9. Outros apartados**